
DOCENCIA NO SERVIZO DE ANESTESIOLOXÍA



FORMACIÓN MIR

O S. de Anestesioloxía do CHUS participa na formación de residentes ó través do desenvolvemento dun percorrido formativo que supón a adaptación do Plan da Especialidade e que aproba anualmente a Comisión de Docencia do Complexo.

Además dunha actividade teórica concretada en sesións semanais, a aprendizaxe dos residentes materialízase en seminarios prácticos e xornadas anuais de simulación, engadíndose ás actividades periódicas que organiza a Asociación Galega de Anestesia, Reanimación e Terapéutica da dor e os frecuentes cursos promovidos polo Complexo.

O obxectivo común de tódolos membros do Servizo de Anestesioloxía redunda en lle ofrecer ó futuro anestesiólogo unha capacitación integral, baseada na consecución dunha sólida formación clínica e no desenvolvemento das habilidades non-técnicas inherentes á profesión.

A información completa sobre a formación MIR en Anestesioloxía pódese atopar nos seguintes vencellos:

- Itinerario docente Anestesia CHUS.

FORMACIÓN CONTINUADA

Vencellos de interese:

- Anestesioloxía CHUS - Centro acreditado para Exame Europeo de Anestesia
- Web do ACIS (FEGAS).
- Sesións acreditadas de Anestesioloxía

FORMACIÓN PREGRAO MEDICINA

Os obxectivos propostos para esta parte específica da docencia, e as actitudes e habilidades que o alumno debe adquirir pódense resumir en:

- Preparación do alumno para a ensinanza da Patoloxía Médico Cirúrxica. O alumno debe coñecer os potenciais problemas que crean os tratamentos cirúrxicos dos enfermos.
- Preparación do alumno para a atención do paciente que presenta un cadro que compromete a súa vida.
- Deberá poder realizar unha Historia Clínica Xeral e unha Historia Clínica dirixida a un paciente cun síndrome doloroso, así coma a exploración correspondente e solicita-las probas complementarias máis importantes.
- Deberá coñecer as áreas de Coidados Críticos Postoperatorios, identificando os principais sistemas de tratamento que existen e as súas bases de funcionamento.
- Deberá saber que, inda que hai enfermidades que non teñen tratamento efectivo, a dor pódese aliviar sempre.
- Deberá familiarizarse co emprego de analxésicos opioides e non opioides, e coñecer a existencia doutras técnicas analxésicas que poden ser empregadas diante do fracaso dos analxésicos.

Vínculos de interés:

- G2051323 - Introducción á Cirurxía (Procedementos Diagnósticos e Terapéuticos).
- G2051341 - Anestesia, Reanimación e Dor (Optativas).
- G2051525 - Medicina Intensiva e de Urxencias. Toxicoloxía Clínica (Formación Clínica Humana).
- G2051622 - Clínica Cirúrxica (Práctica Tutelada e Traballo Fin de Grao).

Ordenar Sen agrupar 6 Buscar nesta sección...

2017 - Curso de Actualización no Manexo da Vía Aérea

2017 - II Curso de Técnicas Intervencionistas para o tratamento da dor

2018 - Dexmedetomidina en Anestesioloxía e Coidados Críticos

2019 - Curso de manexo da hemostasia con 'point of care'

Enlaces relacionados

- IDIS - Grupo de Investigación Enfermo Crítico

Clasificación

Categorías:

- Público, Cidadanía, Profesionais, Persoal licenciado sanitario, Persoal sanitario diplomado ou técnico, Investigadores/as
- Temas, Oferta asistencial, Servizos sanitarios, Formación e Docencia, Formación
- Interésame, Estou formándome